

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

8849 *Real decreto 961/2012, do 22 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.*

O Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas, inclúe na fase xeral da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao un terceiro exercicio de lingua estranxeira que ten como obxectivo valorar a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita.

De acordo coa disposición derradeira segunda do citado real decreto, o dito exercicio de lingua estranxeira non incluíría a valoración da comprensión e expresión oral ata o curso académico 2011-2012.

Ademais, establecíase que, dous anos antes da implantación da proba oral, se realizaría un estudo para determinar as características específicas da proba e, se for o caso, tomar as decisións oportunas sobre a súa implantación.

Conforme a dita previsión realizouse o referido estudo e das súas conclusións derivan dificultades de implantación da proba oral do terceiro exercicio de lingua estranxeira, tanto polo nivel de complexidade organizativa que supón, derivado da necesaria ampliación do número de membros dos tribunais para a proba oral, como pola necesidade de elaborar un protocolo de actuación que permita garantir a obxectividade na avaliación e os dereitos que asisten o alumnado en referencia á dita proba.

Atendendo ás ditas circunstancias e unha vez consultadas as comunidades autónomas, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte considera necesario adoptar unha serie de medidas que garantan a adecuada implantación da dita proba oral.

En primeiro lugar, resulta preciso atrasar en dous cursos escolares a implantación da mencionada proba oral da lingua estranxeira, de maneira que a súa efectiva posta en marcha sexa no curso 2013-2014.

En segundo lugar prevese, durante os cursos 2011-2012 e 2012-2013, o desenvolvemento dun proxecto piloto, impulsado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte coa imprescindible colaboración das comunidades autónomas, que permita establecer con maior precisión os tempos e os recursos necesarios para a súa realización, así como os criterios de avaliación e cualificación que se vaian aplicar.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, e emitiron informe o Consello Escolar do Estado, o Consello de Universidades e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xuño de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.*

A disposición derradeira segunda queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda. *Exercicio de lingua estranxeira.*

O terceiro exercicio de lingua estranxeira a que fai referencia o artigo 9.3 incluíra a valoración da comprensión e expresión oral no curso académico 2013-2014.

Durante os cursos 2011-2012 e 2012-2013, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte promoverá, en colaboración coas comunidades autónomas, a realización dunha proba de carácter experimental, na cal a comprensión e a expresión oral non serán valoradas para efectos da obtención da cualificación correspondente.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento.*

Habilítase o titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, tantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA